

3. O Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER)

"Crecemento con cohesión: así constrúe Europa"

3.1. Definición e obxectivos para o período 2021-27

O **FEDER** (Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional) é un dos principais instrumentos financeiros da **Política de Cohesión da Unión Europea**, creado co obxectivo de reducir as desigualdades económicas, sociais e territoriais entre as rexións europeas, impulsando o desenvolvemento, a innovación, a modernización económica e a creación de emprego.

Ámbitos principais de actuación:

- Apoio á innovación e á investigación.
- Promoción da dixitalización da economía e da sociedade.
- Impulso da transición ecolóxica e sustentable.
- Mellora das infraestruturas públicas (educativas, sanitarias, culturais...).
- Fomento da inclusión social e da creación de emprego.
- Apoio ás pequenas e medianas empresas (PEMES).

Na actualidade atopámonos no período orzamentario 2021–2027, profundamente marcado por dous grandes retos globais:

1. **A transición ecolóxica** (economía verde, eficiencia enerxética, protección ambiental).
2. **A transformación dixital** (administración electrónica, tecnoloxías disruptivas, conectividade e innovación).

EXERCICIO


A taxa de cofinanciamento (porcentaxe) dos proxectos financiados polo Fondo FEDER depende do nivel de renda da rexión onde se executen: canto maior é a renda, menor é a porcentaxe de financiamento (taxa).

Investiga cales son as rexións europeas con maior renda e compáraas coas rexións que presentan unha renda máis baixa. En que posición se atopa Galicia dentro deste contexto?



3.2. FEDER en Galicia 2021-27


O FEDER ten como finalidade contribuír a unha Galicia máis competitiva e intelixente, favorecer a transición ecolóxica, impulsar a mobilidade sustentable e garantir o acceso igualitario a servizos públicos de calidade, especialmente nos ámbitos da educación e da asistencia sanitaria. Para acadar estes obxectivos, dispón dunha dotación orzamentaria de **940,2 millóns de euros**, que, coa cofinanciación da Xunta e doutras administracións, supón máis de **1.500 millóns de euros de investimento total**. A Xunta de Galicia, a través da Dirección Xeral de Cohesión e Fondos Europeos, actúa como Organismo Intermedio ante a autoridade de xestión: planifica, selecciona os proxectos, supervisa a súa execución e garante o cumprimento da normativa comunitaria.



EXERCICIO

Galicia ten asignados 940,2 millóns de euros dos fondos FEDER para o período 2021-2027. Investiga canto importe de FEDER teñen o resto de comunidades autónomas de España. E os Estado a través do seu programa plurirrexional? Saberías dicir que importe foi asignado ás entidades locais galegas a través das estratexias EDIL no pasado ano 2023? A cantas entidades? Que significa a cofinanciación dos proxectos?

A continuación, presentamos algún exemplos de investimento dos fondos FEDER en Galicia, agrupados segundo os obxectivos políticos da Unión Europea para o período 2021-2027.



a) Unha Europa máis intelixente

Dentro do obxectivo “Unha Europa máis intelixente” atopamos exemplos que impulsan a dixitalización das empresas e dos servizos públicos, o apoio á innovación e á competitividade empresarial, así como o fortalecemento da I+D+i e dos centros de investigación.

- **Programa Abalar:** distribución de portátiles, instalación de conexión Wi-Fi nos centros educativos e adaptación de equipamentos para alumnado con necesidades educativas especiais.
- **Apoio a grupos de investigación** das universidades galegas e mellora das capacidades dos centros de I+D+i
- **Cidade da Cultura:** parte do equipamento e da construción foi financiada polo fondo FEDER.
- **Dixitalización dos servizos públicos,** por exemplo, programas relacionados coa transformación dixital do SERGAS.
- **Impulso ao Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA):** un dos máis potentes de España, co seu computador FINISTERRAE, financiado na súa maior parte con fondos FEDER.
- **Mellora da competitividade das PEME,** favorecendo o crecemento, a consolidación, a sostibilidade e a internacionalización. Por exemplo o programa Xpande Digital, que ten como obxectivo apoiar as empresas no deseño e desenvolvemento de estratexias de internacionalización dixital

EXERCICIO

Unha das prioridades dos fondos FEDER é favorecer o crecemento e a competitividade das PEMES. Sabes que é unha PEME? Canto é o límite de número de persoas traballadoras dunha empresa para que sexa unha pequena e mediana empresa? Cal é a porcentaxe de pemes en Galicia sobre o total de empresas?

b) Unha Europa máis verde

En canto ao obxectivo dunha Europa verde atopamos iniciativas para preservar o medio ambiente que fomenten unha economía circular e a adaptación ao cambio climático.

- **Plantas de depuración de augas** nas principais cidades galegas.
- **Xestión de residuos:** modernización en Sogama con intelixencia artificial para aumentar a porcentaxe de reciclaxe e a valorización dos residuos.
- **Enerxías renovables:** proxectos de biomasa, eólica e eficiencia enerxética en edificios públicos.
- **Proxectos de enerxía eólica mariña.**
- **Proxectos para a conservación da fauna e de espazos naturais.**

EXERCICIO

Investiga como é a depuración de augas no teu concello e que financiamento foi empregado na modernización dos servizos de tratamento de augas: foron fondos europeos?


c) Unha Europa máis conectada

Os fondos FEDER en Galicia contribúen a “Unha Europa máis conectada” mediante investimentos en infraestruturas de transporte, mobilidade sustentable e intermodalidade. Estas actuacións melloran a accesibilidade, a seguridade viaria e a conectividade entre territorios, reforzando así a cohesión rexional.

- **Dixitalización** e modernización da xestión da rede autonómica de estradas.
- **Modernización das liñas ferroviarias** e construción da alta velocidade.
- **Creación de carrís bici, vías verdes e sendas peonís.**
- **Desenvolvemento de estacións intermodais** nas principais cidades galegas.

EXERCICIO

Imaxina a Galicia do ano 1985, xusto antes do ingreso na Comunidade Europea. Podes preguntarlles aos teus familiares como era moverse daquela por Galicia. Había autoestradas? E autovías? Era o tren igual ca hoxe?



d) Unha Europa máis social

O obxectivo “Unha Europa máis social e inclusiva” inclúe como prioridades a inclusión social, a loita contra a pobreza, a mellora do acceso a servizos básicos (saúde, emprego e formación) e a redución das desigualdades territoriais.

- Construción e rehabilitación de **infraestruturas educativas**.
- Promoción e mellora das infraestruturas do **Camiño de Santiago** coma destino sostible e de calidade
- Centro de **protonterapia** de Galicia para a loita contra o cancro.
- Construción e rehabilitación de **centros de saúde**.



Se queres saber máis do FEDER podes entrar nestas páxinas

<https://fondoseuropeos.xunta.gal/periodo-2021-2027/feder>

<https://fondoseuropeos.xunta.gal/documents/d/fondos-europeos/presentacion-programa-feder-galicia-21-27>